

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA COMPLETAR AS AXUDAS AO PERSOAL INVESTIGADOR PRINCIPAL DOS PROGRAMAS GRANTS DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN (ERC)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades.

DECLARA

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Consellería) ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a USC para achegar unha axuda complementaria para que o persoal investigador beneficiario dos programas do Consello Europeo de Investigación (ERC) poida crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación. As axudas irán destinadas a financiar actividades do persoal investigador principal que, como requisito imprescindible, manteñan vinculación coa universidade e non poderán financiar custos directamente financiados polas axudas do ERC.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que ao contribuír a sufragar gastos asociados ao equipo dun/dunha investigador/a principal dos programas do ERC, estanse a potenciar unhas carreiras profesionais independentes, reforzando a excelencia, o dinamismo e a creatividade da investigación, superando o problema estrutural que supón o desperdicio do talento investigador e o atraso na aparición da próxima xeración de persoal director de investigacións independentes.

No ámbito do SUG, o persoal investigador beneficiario das axudas son os únicos con subvencións do ERC, vinculados ao SUG, por iso non é necesario promover a concorrencia competitiva da subvención. Neste punto, hai que ter en conta que os programas do ERC son programas da Unión Europea no que a solicitude de participación a realiza o/a investigador/a principal e tanto o proxecto como o seu curriculum pasan un rigoroso proceso de avaliación onde o único criterio é a



excelencia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data situada na marxe

